

CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES POIO MÓVESE

REGULAMENTO

Organiza e patrocina:

Concello de Poio

Calendario:

PROBA	DATA
I Carreira Popular Correndo por San Salvador	06/04/2019
IV Trail Ruta dos Muíños de Samieira	30/03/2019
XXXII Maratón de Fátima - Campelo	11/05/2019
Carreira pola Lingua de Raxó	17/05/2019
V Carreira Popular Activa Combarro	26/10/2019

Categorías e distancias menores:

MiniBenxamín: Nados entre os anos 2012 e 2014 - 500m aprox. NON COMPETITIVA.

Benxamín : Nados entre os anos 2010 e 2011.....1.000m aprox.

Alevín : Nados entre os anos 2008 e 2009.....1.000m aprox.

Infantil : Nados entre os anos 2006 e 2007.....1.500m aprox.

Cadete: Nados entre os anos 2004 e 2005.....1.500m aprox.

Categorías Adultos:

-Absoluta..... todos os participantes.

-Veteranosnados en 1984 e anteriores

Inscricións:

A inscrición para o Circuito de Carreiras Populares Poio Móvese é gratuíta.

Os atletas inscritos en cada unha das probas estarán inscritos automaticamente no circuito.

A inscrición para cada carreira será independente da inscrición de circuito, polo tanto os atletas deben inscribirse en cada proba segundo o regulamento específico.

Clasificacións:

Este circuío será puntuable en cada carreira en función da clasificación por categorías agás na categoría MiniBenxamín que será non competitiva e polo tanto non terá clasificación.

Para entrar na clasificación final e optar aos premios finais para os/as tres primeiros/as de cada categoría deberá participar polo menos en 4 das 5 probas que compoñen o circuío.

A puntuación irá en función do posto categoría acadado en cada unha das probas: 1º-1 pto / 2º - 2 ptos / 3º - 3 ptos e así sucesivamente sendo vencedor quen menor puntuación acade ao final do Circuío

Se o/a atleta finaliza todas as probas descartará automaticamente o peor posto puntuando cos seus mellores catro resultados acadados.

En caso de empate resultará vencedor o que máis primeiros postos acadara, de continuar o empate o que máis segundos postos acadara e así sucesivamente. De persistir o empate resultará vencedor o que millor resultado acadara na última proba do Circuío.

Premios:

Categoría MiniBenxamín:

Tod@s os participantes que finalicen 4 das 5 probas recibirán un agasallo na última proba.

Resto de Categorías:

1º/1ª Clasificad@ da clasificación xeral de cada categoría.....Trofeo e agasallo

2º/2ª Clasificad@ da clasificación xeral de de cada categoría.....Trofeo e agasallo

3º/3ª Clasificad@ da clasificación xeral de de cada categoría.....Trofeo e agasallo

Cronometraxe:

O sistema de cronometraxe será championchip sendo obrigatorio o uso do chip de cronometraxe subministrado pola organización.

Os propietarios de Chip Amarelo deben correr con el.

Regulamento:

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.

O feito de inscribirse en cada proba implica a ceptación deste regulamento e declara recoñecer e aceptar que a Organización poderá facer uso das imaxes das probas con fins puramente informativos e promocionais do evento.

Todos os participantes, estarán cubertos por un seguro da proba

De acordo co que establece a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, da protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo nas direccións indicadas na ficha de inscrición.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento

+INFO: lodeco@lodeco.es